



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

CONCELLO PLENO ACTA DA SESIÓN

ÓRGANO: CONCELLO PLENO
EXPEDIENTE N.º : PLN/2019/1046
CARÁCTER: ORDINARIO
CONVOCATORIA: PRIMEIRA
DATA: 1 Agosto 2019

No Salón de Sesións do Concello de Foz, sendo as vinte horas e trinta minutos do día un de agosto de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ordinario, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Francisco Cajoto Caserío, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as que a continuación se indican:

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Por Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)

D. Héctor Moris Fernández
D^a. Acela Verónica Peña Castiñeira
D^a. Ana Matea Rojo Eijo
D. José María Linares Rodríguez (Excusa)
D^a. Inés López Couto
D. Carlos García Rodríguez

Por Partido Bloque Nacionalista Galego (BNG)

D. Francisco Xavier Fanego Bermúdez
D^a. Gema Méndez Leivas
D. Iago Villamil Cajoto

Por Partido Popular de Galicia (PP)

D. Javier Jorge Castiñeira
D. Juan José Rivas Nécega
D^a. Laura Riveira Balseiro
D. José Antonio Hermida Fernández
D^a. Verónica Soto Piñeiroa
D^a. Concepción López Seijas

Por Partido Foz. Plataforma de Futuro (FPF)

D. Víctor Couto Barrientos

SECRETARIA XERAL

D^a. Antía Pena Dorado

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA PLENO SESIÓN ANTERIOR DE DATA: PLENO SESIÓN CONSTITUTIVA DE DATA 15 DE XUÑO DE 2019.-

De acordo co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o Sr. Alcalde-Presidente consulta ós Sres. Concelleiros se teñen que formular algunha observación á acta da sesión sobrescrita. Non habendo correccións, sométese a acta a votación, **aprobándose a mesma por unanimidade** dos concelleiros da Corporación presentes neste momento (16).-



2.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE FOZ PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL PARA QUE RENUNCIE Á MUNICIPALIZACIÓN E RETOME O EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN INICIADO POLO GOBERNO ANTERIOR.-

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 29 de xullo de 2019, cuxo teor literal di:

“PROPOSTA

A concesión actual do servizo de Augas foi outorgada no ano 1992 polo goberno do Partido Popular por un período de 5 anos a favor da empresa Gestagua, que xa leva máis de 25 anos xestionando este servizo, dado que os gobernos socialistas un total de 20 anos ese control inicial e dúas ocasións, 10 anos máis nunha primeira renovación no ano 1997 e outros 10 anos máis no ano 2007 en contra de calquera recomendación administrativa, dado que con elo un contrato de 5 anos pasaría a durar 25 sen pasar por un concurso intermedio que garantíase a libre concorrència de outras empresas e con elo poder mellorar o prezo final do servizo que ía pagar o propio consumidor.

Foron daquela os grupos da oposición do PP e o propio BNG, agora socio do goberno socialista, os que no 2007 demandaron que NON se fixera esa nova prórroga de dudosísima legalidade e que se abrise un novo concurso público para cumprir estritamente a Lei de Contratos e garantir un mellor servizo baixo un novo contrato con pregos actualizados e mediando unha obriga competencia que faga xustos tanto os prezos como a calidade do servizo, facendo caso omiso de aquela goberno socialista en maioría.

Foi o goberno popular o que iniciou este proceso de transparencia e promoveu un novo concurso encargando os pregos a unha empresa de recoñecido prestixio que calculase os custes reais e actualizados do servizo, e que preparou uns pregos adaptados ás necesidades dos usuarios focenses, e con elo volver á pulcra legalidade necesaria neste tipo de servizos.

O pasado mes de abril o anterior equipo de goberno e por mandato do pleno trouxo unha proposta para a aprobación dos pregos do concurso para concesión do servizo de auga potable, saneamento e depuración, redactado pola empresa EPTISA, que ademais foi a que realizou os diferentes estudos que garantían o sistema de concesión que defendían PP e FPF sobre o de municipalización que defendían PSOE e BNG, que actualmente conforman o Goberno Municipal.

En contra da opinión do Partido Popular, dita proposta quedou enriba da mesa coa excusa de que a nova Corporación Municipal constituída o pasado 15 de xullo, era a que tiña que decidir sobre o sistema de xestión do servizo, sabendo que con elo se ía retrasar un expediente que leva dende decembro de 2017 coa necesidade de ser renovado.

Agora que existe un novo goberno e está iniciada a nova lexislatura, é o momento de retormar este expediente, e en último caso se non se apoia esta Moción, comunicar á empresa GESTAGUA a necesaria finalización do contrato e comezar o proceso de MUNICIPALIZACIÓN que defenderon nos últimos anos os actuais grupos políticos que conforman o Goberno Bipartito do Concello de Foz.

Polo tanto, SOLICITAMOS APROBAR polo pleno da Corporación Municipal de Foz:

1.-Instar ao Equipo de Goberno do Concello de Foz a que RENUNCIE á súa intención de municipalizar o servizo de augas, que de acordo ao informe da empresa consultora, e tal como defenderon sempre o PP e FPF, podería supoñer asumir un maior custe e posiblemente un peor servizo que si é externalizado.

2.-Instar ao Equipo de Goberno a retomar e volver a traer ao pleno os pregos do concurso de concesión do servizo de augas, saneamento e depuración, realizado polo anterior goberno, e publicar a licitación do concurso “.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, dándolle a palabra a Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, que explica primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

En primeiro lugar indica que na orde do día so hai dúas mocións do PP, e que entende que debe haber máis respecto polas sesións plenarias e traballar un pouco máis, porque vai haber dous meses sen sesións.

O alcalde di que nestes momentos o equipo de goberno está inmerso en asuntos que estaban pendentes e non puideron traer propostas ao pleno como lles gustaría, pero que non se preocupe o PP, que no próximo pleno daranlle máis contido. O que ten que funcionar é a democracia e por iso decidiron non anular o pleno, se non darlle a oportunidade aos partidos da oposición de traer algunha moción se o estimaban oportuno.

Fala de que no último mes da lexislatura trouxeron ao pleno un prego de licitación da auga, aínda que tiveron oito anos para facelo; e trouxérono a pleno aínda que poderían non habelo feito. Entende que se trataba dunha medida publicitaria máis, levalo ao pleno e despois deixalo encima da mesa, porque podían ter redactado o prego e deixalo para o seguinte equipo de goberno. Se leva un prego a pleno debería someterse a votación, como corresponde, pero decidiu que non. Fala de goberno veleta, pero quen está sendo veleta neste sentido é o PP.

De municipalizar ou non o servizo da auga, será unha cuestión a tratar polo equipo de goberno, conformado polo BNG e polo PSdG-PSOE; vai ser unha cuestión que se vai tratar ao seu debido tempo e á súa debida forma e parécelle increíble que no primeiro pleno esixa ao equipo de goberno que acaba de entrar, en vez de facer unha oposición construtiva, traer a un pleno unha cuestión que non foi capaz de tratar en oito anos.

Ten que asumir que non está gobernando e que agora mesmo é oposición, e ten que asumir que os tempos vains marcar o equipo de goberno. Fala o concelleiro do PP de municipalizar ou non a auga e da intención do equipo de goberno e non entende como define a intención do equipo de goberno se non forma parte del. Hai moitas persoas novas que están traballando moi duro todos os días, e son as que van analizar o prego de contratación e os que van decidir se se vai municipalizar ou non, e cando teñan a opinión formada que corresponda vaise traer a pleno, pero evidentemente non neste primeiro pleno.

Cando fala de goberno veleta ou critica nos medios que agora non se deixa acampar cando se dixera en campaña de permitir acampar, falta á verdade momento tras momento e día tras día, porque iso, simplemente non é certo. Hai noticias do 2018, e de cómo regaban a horas intempestivas para que a xente non puidera sentarse alí, cousas que despois negan con toda a cara diante dos veciños.

O que o PSdG-PSOE dicía no seu programa electoral e que van facer é cumprilo, programa electoral que o PP non presentou aos veciños, so un auditorio municipal nunha parcela que a fundación non pode ceder e xa fai anos un megaporto. Promesas electorais incumpridas, polo que é curioso que fale de programas electorais cando o PP aínda non presentou o seu.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, manifesta que quería pedir a comprensión e a benevolencia do persoal técnico, porque é a súa primeira intervención, e quería felicitar aos seus compañeiros do BNG da anterior corporación, especialmente da Sr. Seivane e da Sr. Rego, que fixeron un traballo excelente e que esperan estar á altura.

Tamén queren agradecer ao PP que lles permita fixar posicións no primeiro pleno. Respecto á primeira moción non temos moi clara a natureza xurídica pero cremos que incluso pode ter vicio de nulidade porque “renunciar” sona cando menos excesivo, porque segundo a RAG, “renunciar” é “prescindir do dereito a unha cousa”.

Evidentemente o dereito a presentar as iniciativas políticas que consideren, non van prescindir del, e tampouco lle van pedir ao PP que renuncie a aplicar o 155, nin a pactar con VOX, ou a manter a Lei mordaza. Pero non renuncian non por unha cuestión ideolóxica, se non porque o BNG defendeu o ciclo da auga como de xestión pública partindo da consideración da auga como un ben non comercial, e non porque o digan eles se non porque o di a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que recoñece que o acceso á auga potable e ao saneamento é un dereito esencial e por iso é moi necesario que non dependa das regras do mercado.



O BNG afirma ademais que a xestión pública da auga non responde so á declaración das Nacións Unidas, se non que ten unha importante xustificación técnica. Neste sentido, deberíamos ter en conta o informe de fiscalización do Tribunal de Contas, que conclúe que nos concellos de menos de 20.000 habitantes a xestión directa de servizos básicos como o abastecemento de auga, a limpeza viaria ou a recollida de lixo ten un custe menor que a xestión indirecta. O informe de EPTISA do fala o voceiro do PP non é tan definitivo na avaliación económica do servizo privado (apenas 46.000, si cuarenta e seis mil, que sí son cartos coidado) pero sobre todo tendo en conta que adolece dunha parte fundamental xerada po la chapuceira contratación da auditoría, sí sen tempo para realizar unha avaliación en prazo, a empresa recoñece no apartado 4 dos analeses técnicos, que foi imposible co tempo da oferta presentada para a auditoria poder comprobar a periodicidade do mantemento nin a mesma realización do mantemento por parte da empresa. Claro, así xa pode sair mais barata a oferta privada. Por tanto primeira falsidade. Pero o que non ten un pase son as prórrogas paralegais concedidas. Nas prórrogas reparadas e desaconselladas po los servizos municipais, contrariamente ao que indica o PP, e tamén é capaz de deixar por escrito no texto da moción, o PP SI foi responsable. Foi o cómplice necesario, imprescindible. Quere agora limpar o pasado pero os feitos recollidos nas actas dos plenos non deixan lugar a error. Das duas prórrogas, e non como se empeña en falsear o voceiro do PP. Por favor deixe de mentir con este asunto por que o din as actas do concello: en 1998 sae adiante co voto a favor do PP cando o goberno queda en minoría precisamente po los reparos dos servizos municipais a esa prórroga ilegal. E volve a non opoñerse en 2007 cando xa non é decisivo por que o goberno tiña maioría absoluta, abstendose nunha nova prórroga. Por tanto, o PP é o creador da privatización e o cómplice imprescindible para as prórrogas ilegais acordadas.

A externalización pode ou non ser unha opción técnica e economicamente axeitada, diran os técnicos o que está claro e que nestes 25 anos de anormalidade as cousas mudaron moito cunha mestra arañeira formada por ferramentas perversas como a regra de gasto e a normativa que dificulta ou impide a subrogación do persoal. Con todo o dito por tanto, sí sería legal e aceptable aínda que preferiríamos a xestión pública directa e non renunciamos a ela.

Vítor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal FPF, manifesta que cree que este é o modo de xestión máis adecuado, aínda que existen certas condicións coas que non estamos de acordo, e indica que se retome o proceso de privatización porque canto máis se tarde, máis débeda xerese para o Concello.

Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, pregúntalle ao alcalde se sabe cando remataba o contrato. Remataba en decembro de 2017, e houbo que esperar a que rematase para empezar a traballar co novo. Contratouse a consultoría, empezáronse a facer os estudos e demais, e iso leva máis dun ano, e o alcalde teno que saber porque é enxeñeiro e sabe perfectamente como funcionan estes pregos. Entón non diga que tiveron oito anos, se non que levan desde decembro de 2017, e o PP encargou, por transparencia, a unha consultora que fixes estes estudos.

Extráñalle moito que agora non sexan tan rigorosos como cando estaban na oposición. O 10 de novembro do 2017 o PSdG-PSOE valoraba positivamente a xunta de portavoces onde se presentaron os resultados do informe de EPTISA, e que se abría un escenario novo onde se podían barallar varias posibilidades e unha delas era a mantida polo PSdG-PSOE, municipalizar o servizo. Ao vencer o contrato, en decembro, dicían que era factible a municipalización da xestión e que crían que se debía traballar nese sentido.

Fai unha aposta e paga unha cea se ao final o actual goberno municipaliza, e pídelles que se hai concesión, que o Sr. Fanego e o Sr. Cajoto paguen a cea aos demais.

O alcalde di que non é de apostar, porque nunca creu non xogo, que creu no traballo, e simplemente dicir que desde o PSdG-PSOE van traballar por iso e que teñen un programa electoral. E igual, sabendo que ía rematar o contrato, podían empezar os trámites antes para ter adiantado o traballo, polo que é curioso que diga que leva moito tempo facer as cousas, e máis facelas ben, pero eles fixérono tarde e mal.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, di que en defensa das concelleiras Seivane e Rego, ás que o Sr. Castiñeira considera monicreques, son capaces de tomar decisións e as decisións dunha asemblea defendíanas, moitas compartíanas e outras non, pero entendían perfectamente que a maioría das asembleas decidiran iso. Lástima que non estean aquí para poder acreditar que estaban absolutamente de acordo neste aspecto co resto da asemblea. Polo tanto, facer unha interpretación do seu voto é cando menos osado, roza a mala educación e é un insulto para o seu traballo político, que foi impecable.

Con respecto ás ambigüedades, ao mellor o que hai é un problema de comprensión lectora, pero xa dixo que tiñan unha firme aposta pola xestión pública do servizo do ciclo da auga. Tamén dixo que todos estes análises íanse facer cos técnicos municipais para ver a viabilidade, pero non con informes como o de EPTISA, traídos tarde mal e arrastro, incompletos e que probablemente poñerían en risco este servizo. Tampouco contestou o Sr. Castiñeira, porque parte da moción incidía de xeito marcado, e insistía con aspavientos, se o PP era cómplice ou non da prórroga da xestión privada. Insistía en que se levaban 25 anos de irregularidade administrativa, e quere saber se o PP contribuíu a esa irregularidade administrativa.

Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, manifesta que o PP sempre insistiu na concesión do servizo, e que dende a oposición non contribuíu a esa irregularidade administrativa.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do BNG, di que a partir de aí, recoñecendo ese feito e non as falsidades que leva contando, se non recoñece as actas, teñen pouco que discutir.

Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, responde que efectivamente fixeron un traballo impecable e recoñecéronllo mandándoas para o final da fila.

E respecto ao programa, dille ao alcalde que cando faga un cuarto do que o PP fixo, poderá pedir contas. Agora pídeas el porque está na oposición porque o quixeron os veciños e van facer ese traballo, que é controlar e fiscalizar ao goberno, como fixeron os señores Rivera, Cancio ou Basanta cando el era alcalde, fiscalizando ao concello desde o primeiro día.

O alcalde di que agradece o traballo do anterior goberno municipal, e o programa de Xantar na Casa, pedido por unha moción do BNG, e que agradece sobre todo a xestión dos técnicos que levaron a cabo o traballo desa subvención.

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta do Grupo Municipal Partido Popular, obténdose o seguinte resultado:**

Votos a favor: (6): todos os membros do PP (6)-

Votos en contra: (9): todos os membros do PSOE (6); todos os membros do BNG (3).

Abstencións: (1): todos os membros do FPF.

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **REXEITA** a Proposta do Grupo Municipal do Partido Popular anteriormente referida.-

3.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE FOZ PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL PARA QUE INICIE INMEDIATAMENTE A TRAMITACIÓN DA REBAIXA DO IBI AO 0,40% PARA QUE ENTRE EN VIGOR NO PRÓXIMO EJERCIZO 2020.-

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 1 de agosto de 2019, cuxo teor literal di:

“PROPOSTA

Nas pasadas eleccións no programa electoral do Partido Socialista, concretamente no Capítulo que denominan “UN FOZ BEN XESTIONADO”, no punto primeiro, prometen unha rebaixa do imposto de bens



inmobles (IBI), e sí recoñecemos que coherentemente co que viñeron propoñendo nos últimos 8 anos de oposición, aínda de forma contraria ao que demostraron facer na anterior etapa de goberno cando en 16 anos non rebaixaron o coeficiente de aplicación do gravame que permaneceu estable eses 16 anos.

Tivo que ser o goberno do Partido Popular o que en tempos de crise reducise ese coeficiente, ata pasar de 0,60 a 0,52 no ano 2016, e despois dun proceso de regularización promovido pola Dirección Xeral do Catastro, dado que a ponencia de valores era do ano 1988 (30 anos desactualizado, unha das máis antigas da provincia.

Todo elo despois dun período de 30 anos de incremento do valor real dos terreos ata chegar ao seu máximo valor co “boom urbanístico” a principios da década pasada na etapa do goberno socialista, que non foi capaz de regularizar e equilibrar o valor real co valor catastral, como obriga a propia Lei e como fixeron outros Concellos, con elo acabou por favorecer aos grandes propietarios que pagaron moitos menos tributos por IBI e a plusvalía por estar desactualizado o valor catastral.

En sucesivas notas de prensa e intervencións socialistas, suxerían baixar o coeficiente ao mínimo do 0,40%, posto que como vostedes mesmos dicían “...coa regularización que fixo o Partido Popular...”; por certo rigorosa, valente e de sentido común, dado que o catastro estaba totalmente obsoleto, era inxusto e desproporcionado cos valores reais, proseguen “...debíase compensar esa subida dos valores cunha rebaixa do coeficiente ao mínimo que establece a Lei...”.

Tan convencido está o Partido Socialista desa argumentación que, como antes comentamos, fai unhas meses no seu programa electoral das eleccións municipais de maio, reiteraban a súa proposición de rebaixar o IBI, polo que dende o Partido Popular solicitámoslle cumpran o antes posible dita promesa, tal e como fixo co cambio de sentido das Avenidas, polo contrario entenderemos que están a usar os tributos municipais de forma totalmente electoralista, que é o que nos tememos.

Ademais agora o goberno bipartito PSOE-BNG garante unha maioría estable no Pleno da Corporación, e permitíralle que antes de que remate o 2019 se presente neste mesmo Pleno a modificación da Ordenanza Fiscal que regula o Imposto de Bens Inmobles, e se modifique o coeficiente de 0,52%, rebaixado polo Partido Popular, ao 0,40% que propoñía o PSOE no 2016.

Sería tamén recomendable, bonificar igual que fixeron outros Concellos aqueles inmobles dedicados a labores agrícolas, gandeira e forestais, para con elo promover e facilitar a vida no rural focense e loitar contra a despoboamento das nosas parroquias, algo que o BNG tamén levou a Pleno cando estaba na oposición.

Polo tanto, SOLICITAMOS APROBAR polo Pleno da Corporación Municipal de Foz:

1.-Instar ao Equipo de Goberno a que inicie os trámites para rebaixar o coeficiente que regula o pago do IBI do actual 0,52% ao 0,40%, proposto polo PSOE.

2.-Instar ao Equipo de Goberno do Concello de Foz a aplicar unha bonificación do Imposto de Bens Inmobles ao máximo posible para aquelas construcións que estean destinadas a actividades agrícolas, gandeiras e forestais “.

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, dándolle a palabra a Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, que explica primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

O alcalde di que o PP fala de goberno veleta e negou a baixada do IBI ao 0,40 en repetidas ocasións polos informes de intervención, e agora, cando gastou todo o diñeiro e as partidas están esgotadas, porque as gastou antes das eleccións para conseguir uns votos e agora ven a dicir que baixen o IBI no primeiro mes. O anterior goberno, en vez de baixar o IBI subiuno durante catro anos e agora, cando está na oposición, ven a dicir que o baixe.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O que si fixo este equipo de goberno: chegoulle unha carta de facenda dando a posibilidade de subir o IBI un 5%, como fixo o seu predecesor catro anos seguidos, aínda que non facía falta que o fixera; saíu unha orden do ministerio e acolleuse a ela e subiuno catro anos seguidos. Pois o actual equipo de goberno non se acolleu e non o subiron, e van baixalo.

E alégrase enormemente que por fin saiba o que é un programa electoral, porque non tiña un a que acollerse, e alégrase que o lea detidamente e que aprenda que van baixar o IBI das explotacións gandeiras e para as familias numerosas. Síntese alagado de que por fin fagan unha función didáctica, porque pretende dar leccións morais e dicir que espabilen, pero o que está claro é a bagaxe que deixou o anterior alcalde e está en boca de todo o pobo, porque cando di que a el lle atacaron desde o primeiro día e que el deixou unha marxe, está ríndose de todos e iso non llo permite.

Unha cea podería apostala pero non ten ningunha gana de cear con el, porque cando o único que fixo foi subir o IBI e no primeiro pleno trae unha moción para baixalo ao 0,40% para rirse de todos. Espera que a súa actitude cambie, e so dicirle que o PSdG-PSOE e, neste caso, atrevese a falar no nome de todo o equipo de goberno, vai seguir a súa folla de ruta, e non van esperar ao último mes antes das eleccións para facer as obras, pero van facelas con coherencia e con orde, e con prudencia e sentido común, algo do que careceu o anterior alcalde en todos estes anos.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, di que teñen a sensación de que o voceiro do PP empezou sobreactuando demasiado, e trae mocións nas que conta falsidades como na previa, verdades a medias como nesta, e contradí amosando unha inconsistencia notable. Usa termos contundentes, como o da inmediatez, pero que non figuran no dicionario do PP, polo menos no de Foz, porque a inmediatez nunca foi marca do PP de Foz.

Píden inmediatez pero en diversas ocasións o goberno do PP dilatou os tempos, como sinalaba antes no informe de EPTISA, ou directamente non fixo caso. En novembro de 2014 o pleno aproba afearlle o "catastrazo" que aplicou nas máximas consecuencias e propón ao pleno que se poñan os técnicos do catastro a disposición dos veciños para que lles aclarasen todo o que lles viña de arriba; ademais o pleno propón que rebaixe 0,56%, pero nada fixo. Outra moción tirada ao caldeiro, unha das moitas que as súas compañeiras na anterior lexislatura que designaron como moción histórica. O PP non deu ningún paso técnico nin fixo informe de intervención para cumprir este acordo plenario.

Despois, mudou a corporación e novamente, nun acordo plenario do 3 de novembro de 2015, propónse unha redución do 0,40 €, provoca un pleno extraordinario e trae un informe de intervención que propón unha redución do 0,52 % incumprindo o mandato do pleno.

Daquela e agora, o BNG insiste que a fiscalidade é unha ferramenta para redistribuír a renda, e que haberá casos nos que hai que poñer un tipo máximo e haberá casos nos que hai que facer bonificacións, para familias en situación de risco de pobreza ou emerxencia social, ou incluso supresión de algúns impostos como o da plusvalía municipal.

Tampouco poden negar que se poida subir ata o 1% para segundo que entidades, porque algunhas entidades bancarias que deixaron de pagar o IBI durante moitos anos, supoñendo unha merma nas arcas do concello, pois non se lles pode bonificar, ao igual que a algunhas empresas promotoras que deixaron de pagar o IBI durante todo este tempo.

Pero o PP non fixo nada con estas iniciativas, nin coas iniciativas do BNG que instaban a bonificar as instalacións destinadas a actividades agrícolas, gandeiras e forestais, pero agora tenta recollela na propia moción e o que fai é arrebolarse contra si mesmo, porque isto xa é algo ata cómico. En setembro de 2018, e esta non foi unha moción do BNG, o pleno aprobou facer unha redución a estas instalacións e non fixo nada.

Consideran que as mocións son ferramentas para mellorar a vida dos veciños e non armas arroxadizas para arrebolar contra os grupos da oposición.

Así as cousas, o BNG pensa que o IBI é unha ferramenta para promover a redistribución da renda e bonificar aqueles que están en maior risco e que facer agora un exercicio de rachar as vestiduras é pouco crible. Parécelles que a proposta non é concreta, é inadecuada, falta á credibilidade, porque a credibilidade é a que tiña hai corenta días e non fixo nada por ter credibilidade agora, e é oportunista e amosa unha intención propagandística.

Van votar en contra da proposta e van facer o posible para que o IBI poida mellorar a distribución da renda cun equilibrio xusto e moderado.



Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, manifesta que é un tema que lles chama a atención, porque o Sr. Castiñeira como alcalde deste concello, cando o PSdG-PSOE propuxo esta rebaixa e FPF a apoiou, presentou alegacións a tal proposta.

FPF foi o único que seguiu traballando para que houbera esta baixada para os veciños e, ao final, nunhas negociacións co PP conseguiu que se baixara ao 0,52%.

Parece de chiste que sexa o PP agora o que presente esta rebaixa ao 0,40% cando está na oposición, cando antes, que estaba en goberno, non quixo levala a cabo.

Como comentou ao principio da intervención do seu voceiro, dixo que o PP fora o único que traballara para este pleno, pero o que está demostrando é que non están traballando nin facendo política construtiva, están xogando entre partidos a ver quen molesta máis a quen, pero non se dan conta de que realmente están facendo xustamente, é xogar cos cartos dos veciños deste concello, máis importantes que o PSdG-PSOE e o PP.

Entón, o que queren e que se fagan os informes oportunos por parte de intervención para ver como están as arcas do concello, e seguirán apoiando, igual que fixeron en todo momento, para poder levar a cabo esa baixada ao 0,40% ou calquera outro tipo de baixada que sexa beneficiosa para os veciños.

Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, di que parece que non entenderon o sentido da moción. Están facendo o traballo que el quería; estalles dicindo que foron eles os que no 2015 trouxeron esa moción, e o equipo de goberno, de acordo aos informes de intervención, entenderon que non se podía baixar, e entenden que non se pode baixar. Simplemente o que están facendo é que o PSdG-PSOE cumpra o que prometeu de baixar o IBI ao 0,40%. O PSdG-PSOE, na prensa, dicía que non acatar a decisión da maioría non entra dentro do marco legal.

Simplemente o que está facendo é trasladar esa moción a este pleno, porque quen a debe defender é o equipo de goberno, non o PP, porque el é dos que cre que é imposible baixar o IBI ao 0,40%. Pero foron tan irresponsables, que trouxeron baixar a este pleno baixar o IBI ao 0,40% e desestabilizar as contas municipais, porque o goberno estaba en minoría. E menos mal que non se baixou, porque ía ser a precariedade económica deste concello, e non lles ían quedar nin os 4 millóns de euros que había de existencias para que agora os poidan gastar .

Polo tanto veñen a darlle a razón de que efectivamente o que propuxeron é imposible e non van baixalo ao 0,40% ; e fixeron política co “catastrazo” cantidade, enganaron aos veciños e, polo que está dicindo o Sr. Villamil, xa lle parece que o BNG, que o fixo sempre e está dentro do seu ideario, non lle gusta moito baixar os impostos.

Na súa labor de control e fiscalización van pedir que fagan o que o PSdG-PSOE pediu, porque non cren que sexa posible unha baixada do 0,40 , pero simplemente para poñerlles a cara colorada ao PSdG-PSOE e ao Sr. Linares, que defendeu esta moción na prensa. Dilles que pidan perdón por traer naquel momento unha cousa que era totalmente imposible para un goberno en minoría.

O alcalde responde que se a primeira incoherencia que fai é presentar unha moción para baixar o IBI despois de dicir que a súa intención non é baixar o IBI, xa lle dirá se non se está rindo de todos os que están alí e de todos os que están oíndo.

Vólvelle a dicir que subiu catro veces o IBI, pero a base impenible, co que fastidia non só o IBI se non a declaración da renda e outros impostos máis, como ben sabe. E o que se lle pediu naquel momento era que, para que esa subida non fora tan gravosa, que baixara ese “catastrazo” ao mínimo. Naquel momento, o equilibrio económico do Concello disparou a partida de ingresos, e agora o que fixo foi disparar a partida de gastos.

E volve a dicirlle que se alegra de que lese o seu programa electoral, porque eles aínda non foron capaces de ler o do PP, e non se preocupe que o documento vai ser público, pero non llo van entregar a el, porque non é quen para ter o documento de acordo de goberno, se non que o vai expoñer á luz pública, porque non é máis importante que os veciños de Foz e non é quen de esixir ningún acordo de goberno.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, di que o nivel de banalización deste pleno é notorio; aparte de parecer un circo ofrecéndose apostas, agora trae unha moción na que non cre. Podía ter aproveitado para presentar como moción a independencia do país, pero é que necesitamos traballar





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

para os veciños e non facer postas en escena para maior gloria dun protagonismo que non ten. Se busca protagonismo está no sitio equivocado, veñen traballar e tratar de resolver problemas, non a un circo. Presentar unha moción na que non se cre é probablemente unha das torpezas máis grandes que se puideran facer ata o momento, e defendela so para arrebolara contra o contrario, é esperpéntico e parécelle patético; interromper é outra falta de educación e de respecto ao pleno.

Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, manifesta que están deixando claro que FPF son os únicos que de inicio a fin están apostando por esa baixada despois dos informes oportunos, sen xogar cos veciños.

Finalizado o debate, **sómétese a votación a Proposta do Grupo Municipal Partido Popular, obténdose o seguinte resultado:**

Votos a favor: (7): todos os membros do PP (6); todos os membros do FPF (1).

Votos en contra: (9): todos os membros do PSOE (6); todos os membros do BNG (3).

Abstencións: Ningunha.

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **REXEITA** a Proposta do Grupo Municipal do Partido Popular anteriormente referida.-

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

1. DECRETOS DA ALCALDIA.-

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais o Sr. Alcalde da conta das resolucións ditadas **desde o 16 de abril de 2019 ao 15 de xullo de 2019**, que a seguir se transcriben:



RELACIÓN DECRETOS ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 16/04/2019 AO 15/07/2019

NOME

DECRETO 2019-0413 [Resolución]

DECRETO 2019-0412 [RESOLUCION]

DECRETO 2019-0411 [Resolución adxudicación]

DECRETO 2019-0410 [DECRETO APROB. FRAS N° 48 EXPD 1034-2019. CON IR 63]

DECRETO 2019-0409 [DECRETO APROB. FRAS N° 47. ALUMEADO CAMPO DE FÚTBOL 1263-2018]

DECRETO 2019-0408 [DECRETO ALCALDÍA SOLICITANDO ASISTENCIA XURÍDICA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA RESOLVER OS RECURSOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS]

DECRETO 2019-0407 [RESOLUCION ANTICIPO CAIXA FIXA]

DECRETO 2019-0406 [Decreto pago relación facturas n° 43]

DECRETO 2019-0405 [DECRETO ALCALDIA DE REVISIÓN DA CONCESIÓN DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O SERVIZO DE RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE FOZ]

DECRETO 2019-0404 [Convocatoria mesa 3]

DECRETO 2019-0403 [DECRETO]

DECRETO 2019-0402 [RESOLUCION]

DECRETO 2019-0401 [DECRETO DE ADHESIÓN Ó "CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A IMPLANTACION DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA (HSUE) NO CONCELLO DE FOZ]

DECRETO 2019-0400 [Decreto autorización entrega documentación]

DECRETO 2019-0399 [DECRETO APROBACION GASTOS PUBLICA BOP]

DECRETO 2019-0398 [Resolución de Alcaldía]

DECRETO 2019-0397 [RESOLUCION ANULACION]

DECRETO 2019-0396 [DECRETO]

DECRETO 2019-0395 [DECRETO]

DECRETO 2019-0394 [RESOLUCIÓN ALCALDIA CONVOCATORIA XGL DE DATA 10 DE XULLO DE 2019]

DECRETO 2019-0393 [RESOLUCIÓN ALCALDÍA REVISIÓN PROXECTO DE EXECUCION]

DECRETO 2019-0392 [DECRETO APROB. FRAS N° 45 EXPDT 983-2019.CON IR]

DECRETO 2019-0391 [Decreto aprobación e ordenación pago publicación edicto en B.O.P.]

DECRETO 2019-0390 [Resolución adxudicación]

DECRETO 2019-0389 [Resolución de Alcaldía]

DECRETO 2019-0388 [RESOLUCIÓN ALCALDÍA REVISIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN]

DECRETO 2019-0387 [DECRETO [RESOLUCION ALCALDIA DEVOLUCION ICIO] N°2 DA 2ª ANUALIDADE (4)]

DECRETO 2019-0386 [RESOLUCIÓN APROBANDO COBRO NOVO BIENIO POR Rivas Rodríguez Marcos]

DECRETO 2019-0385 [RESOLUCIÓN APROBANDO COBRO NOVO BIENIO POR Justo Castro Roberto]

DECRETO 2019-0384 [RESOLUCIÓN APROBANDO COBRO NOVO BIENIO POR Alvarez García Genma Cristina]

DECRETO 2019-0383 [RESOLUCIÓN APROBANDO COBRO NOVO BIENIO POR Ramos Edrosa Barbara Elisabet]

DECRETO 2019-0382 [RESOLUCIÓN APROBANDO COBRO NOVO BIENIO POR López Pérez María Pilar]

DECRETO 2019-0381 [RESOLUCIÓN APROBANDO COBRO NOVO BIENIO POR Oroza Villar Rosa María]

DECRETO 2019-0380 [RESOLUCIÓN APROBANDO COBRO NOVO BIENIO POR Ares Couto Juan Carlos]

DECRETO 2019-0379 [DECRETO 3º bimestre 2019]

RESUMO

15/07 SIA 1001340 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 1046/2019 -- Múltiples interesados --
/2019 PLENO ORDINARIO DE DATA 1 DE AGOSTO DE 2019 // COMISIÓN INFORMATIVA DE
18:02 ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 29 DE XULLO DE 2019 --
15/07 SIA 1001287 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 1043/2019 -- MINISTERIO DE
/2019 JUSTICIA-XERENCIA TERRITORIAL DE GALICIA, 35590104L MARIA JOSE FRANCO MARIA --
17:15 licenza app maria franco --
15/07
/2019 SIA 1001415 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 967/2019 -- -- Contrato menor
17:13 suministro. Alquiler camión lizo -- Resolución adxudicación
15/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 1034/2019 -- APROBACIÓN RELACIÓN DE
13:57 FACTURAS 48 --
15/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 1033/2019 -- 3379776N MANUEL
13:56 FERREIRO FERNANDEZ -- APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 47. --
15/07
/2019 SIA 1001404 -- Expediente 495/2018 -- Múltiples interesados -- Aprobación da Relación
8:22 de Postos de Trabajo (RPT) --
15/07
/2019 SIA 1001269 -- CIRCULAR INTERNA -- Expediente 1035/2019 -- Anticipo Caixa Fixa
8:16 Alcaldía --
14/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 979/2019 -- APROBACIÓN RELACIÓN DE
14:11 FACTURAS 43 -- Ordenación pago
14/07
/2019 SIA 1001272 -- SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 633/2019 -- Múltiples interesados --
13:46 CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA. --
11/07 SIA 1001415 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 699/2019 -- Múltiples interesados -- Plan
/2019 de mellora de camiños municipais 2019-2020.Aberto simplificado sumario --
13:11 Convocatoria mesa 3
11/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 985/2019 -- EXPDTE.14/2019 DE XERACION
11:38 DE CREDITO. BRIGADA DE INCENDIOS E MOTOBOMBA FORESTAL --
11/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 985/2019 -- EXPDTE.14/2019 DE XERACION
11:37 DE CREDITO. BRIGADA DE INCENDIOS E MOTOBOMBA FORESTAL --
10/07 SIA 1001340 -- SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 1025/2019 -- P2701900I CONCELLO DE
/2019 FOZ -- CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A
19:17 IMPLANTACION DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA (HSUE) NO CONCELLO DE FOZ
09/07 --
/2019 SIA 1001478 -- Expediente 553/2018 -- Múltiples interesados -- Obra sin licenza e/o sin
22:36 axustarse á mesma, en rúa Alvaro Cunquero e avda. da Mariña --
09/07
/2019 SIA 1001340 -- TESORERÍA -- Expediente 47/2019 -- PUBLICACIÓN EDICTOS EN B.O.P. --
16:42 TESORERÍA -- Expediente 881/2019 -- B27333160 SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE SL
09/07 --Corrección erros Aprobación padróns axuda fogar maio - xuño --
/2019 SIA 1001340 -- Expediente 1355/2017 -- 33712705H DANIEL VILLARINO SAA, A78139755
13:56 ANULACIÓN DEBEDA LIXO XESUS NAZARENO 36 --
09/07
/2019 SIA 1001274 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 987/2019 -- EXPDTE. 16/219 DE XERACION
13:54 DE CREDITO. PLAN PROVINCIAL UNICO DE COOPERACION COS CONCELLOS 2019 --
09/07
/2019 SIA 1001340 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 113/2019 -- S1511001H Dirección
13:50 General de Administración Local -- FONDO COMPENSACION 2019 COMPETITIVO --
09/07
/2019 SIA 1001340 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 1003/2019 -- Múltiples interesados --
13:31 XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DE DATA 11 DE XULLO DE 2019 --
09/07
/2019 Expediente 1993/2016 -- B27463942 PLAYAS COSTA DE LUGO, S.L., B27463942 PLAYAS
12:36 COSTA DE LUGO, S.L., 77596344W DIEGO JORGE CASTIÑEIRA --
09/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 983/2019 -- APROBACIÓN RELACIÓN
11:50 FACTURAS N° 45/2019 --
09/07
/2019 Expediente 968/2019 -- PUBLICACIÓN PADRON FACTURACION 3º BIMESTRE 2019,
8:15 AUGA, LIXO, CANON SANEAMENTO --
08/07
/2019 SIA 1001340 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 771/2019 -- LIMPEZA COLECTORES RSU
11:56 2019 --
08/07
/2019 TESORERÍA -- Expediente 881/2019 -- B27333160 SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE SL --
11:22 Aprobación padróns axuda fogar maio - xuño --
08/07
/2019 SIA 1001258 -- Expediente 1306/2018 -- 34637023N JAVIER CORTEGAZA DIAZ -- viv unif
11:21 en nois --
08/07
/2019 SIA 1001340 -- Expediente 195/2018 -- B27296011 CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS,
/2019 S.L., B27296011 CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L., 33843969K FRANCISCO JAVIER
10:35 RODRIGUEZ PEREZ -- DEVOLUCIÓN DE ICIO --
08/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2019 -- NOMINA XULLO 2019 --
8:18
08/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2019 -- NOMINA XULLO 2019 --
8:17
08/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2019 -- NOMINA XULLO 2019 --
8:16
08/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2019 -- NOMINA XULLO 2019 --
8:16
08/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2019 -- NOMINA XULLO 2019 --
8:15
04/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2019 -- NOMINA XULLO 2019 --
20:15
04/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2019 -- NOMINA XULLO 2019 --
20:10
04/07
/2019 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2019 -- NOMINA XULLO 2019 --
04/07 SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 968/2019 -- A78139755 GESTION Y
/2019 TÉCNICAS DEL AGUA, S.A. - GESTAGUA -- PADRON FACTURACION 3º BIMESTRE 2019,
20:07 AUGA, LIXO, CANON SANEAMENTO --





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

1.1.-DACIÓN DE CONTA DOS MEMBROS QUE INTEGRARÁN A COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO.-

Pola Secretaria dáse conta da Resolución de Alcaldía de data 15/07/2019, pola que se resolve o nomeamento de membros da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, cuxo teor literal é o seguinte:

“ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Nomeamento de membros da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno

Unha vez celebradas as Eleccións Locais, que tiveron lugar o 26 de maio de 2019, e constituída a nova Corporación o 15 de xuño de 2019, faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, á constitución da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, recoñece a esta Entidade.

Visto o acordo acadado na sesión organizativa celebrada polo Pleno o 4 de xullo de 2019, no que se acorda a creación e composición da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ao abeiro dos artigos 20.1.c) da citada Lei, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no artigo 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Tendo en conta os escritos presentados polos diferentes grupos políticos municipais nos que se nomean os membros que formarán parte desta comisión.

*No uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente, **RESOLVO:***

Primeiro.- Nomear como membros da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno aos seguintes concelleiros:

- *Presidente: Francisco Cajoto Caserío*
- *Vocais: José María Linares Rodríguez (PSdG-PSOE)*
 - Inés López Couto (PSdG-PSOE)*
 - Acela Verónica Pena Castiñeira (PSdG-PSOE)*
 - Francisco Xavier Fanego Bermudez (BNG)*
 - Javier Jorge Castiñeira (PP)*
 - Laura Riveira Balseiro (PP)*
 - José Antonio Hermida Fernández (PP)*
 - Víctor Couto Barrientos (FPF)*
- *Suplentes: Hector Morís Fernández (PSdG-PSOE)*
 - Ana Matea Rojo Eijo (PSdG-PSOE)*
 - Gema Méndez Leivas (BNG)*
 - Verónica Soto Piñeiroa (PP)*
 - Concepción López Seijas (PP)*
 - Juan José Rivas Nécega (PP)*

Segundo.- *Esta comisión celebrará reunións de acordo co réxime de sesións establecido polo Regulamento orgánico municipal coas particularidades que, en execución das súas previsións, estableza na súa sesión constitutiva, podendo celebrar sesións extraordinarias cando o Presidente o decida, ou cando o solicite a cuarta parte, como mínimo, do seu número legal de membros.*

Terceiro.- *Facultar ao sr. Alcalde-presidente para alterar as sesións que coincidan coa Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, cando non se menoscabe a xestión dos*



asuntos municipais, así como para posponer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do citado órgano, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado para ela sexa festivo.

Cuarto.- Comunicar esta resolución a todos os concelleiros afectados.

Quinto.- Dar conta ao Pleno desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do ROF”.

Pola Secretaria dáse conta tamén de que a celebración das sesións da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno celebrárase o 3º xoves de cada mes ás 20.30 horas.

Os membros asistentes á sesión, **dánse por decatados/as.-**

1.2.- DACIÓN DE CONTA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA USUARIOS DA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA MUNICIPAL OU DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE FOZ: ABRIL, MAIO E XUÑO 2019.- (Expediente nº 633/19).

Pola Secretaria dáse conta das Axudas de Emerxencia Social para usuarios da Residencia e Centro de Día municipal ou de competencia municipal do Concello de Foz, dos meses de Abril, Maio e Xuño do ano 2019.

Os membros asistentes á sesión, **dánse por decatados/as.-**

1.3.- DACIÓN DE CONTA SUBVENCIÓNS 2018: 1º GRUPO E 2º GRUPO.- (Expediente nº 1073/18).

Pola Secretaria dáse conta das Subvencións do ano 2018 correspondentes ao 1º Grupo e ao 2º Grupo.

Os membros asistentes á sesión, **dánse por decatados/as.-**

1.4.- DACIÓN DE CONTA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL DE ADELA GARCÍA JIMÉNEZ.- (Expediente nº 818/19).

Pola Secretaria dáse conta da Axuda de Emerxencia Social concedida a dona Adela García Jiménez.

Os membros asistentes á sesión, **dánse por decatados/as.-**

1.5.- DACIÓN DE CONTA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2019 A PROTECCIÓN CIVIL DE FOZ: AXUDA AO SOCORRISMO 2019.- (Expediente nº 982/19).

Pola Secretaria dáse conta da concesión de subvención nominativa 2019 a Protección Civil de Foz para Axuda ao Socorrismo.

Os membros asistentes á sesión, **dánse por decatados/as.-**

2.- INFORMES DE ALCALDÍA.-

2.1.- DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN AO MINISTERIO 2019: ORZAMENTO 2019; 2º TRIMESTRE 2019; PMP 2º TRIMESTRE 2019; MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2019.- (Expediente nº 202/19).

Pola Secretaria dáse conta da información ao Ministerio 2019: Orzamento 2019; 2º Trimestre 2019; PMP 2º Trimestre 2019; Morosidade 2º Trimestre 2019.

Os membros asistentes á sesión, **dánse por decatados/as.-**





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

3.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

Non houbo.-

4.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Rogos do PP. Javier Jorge Castiñeira formula os seguintes:

- 1.- Que os cambios que se realizaron na Avda. da Mariña, sen ningún tipo de informe nin estudos, cren que existe un grave risco, e máis aínda agora no verán, de que se poida producir algún atropelo ou accidente pola cantidade de tráfico que hai, chegando en hora punta a ser caótico. Rogan que amplíe a vixilancia na zona e aumente a seguridade, posto que logo pode ser tarde. Dino porque así llelo informan veciños, comerciantes e usuarios desa zona.
- 2.- O goberno do PP contratou o proxecto de mellora de instalacións eléctricas na escola de Fazouro polo que, a petición dos veciños de Fazouro, róganlle que inicie os trámites da contratación da obra canto antes, posto que é necesaria porque non está en moi boas condicións.
- 3.- O goberno anterior tiña pactado con costas que faría a baixada do Castro, na praia de Arealonga antes do verán. Estaba feita a rampla de formigón e costas tiña prometido que antes de que empezase o verán faría as escaleiras de madeira, polo que lle rogan ao Sr. alcalde que urxa a costas a colocación desa escaleira.

O alcalde di que toman nota do rogo de Avda. da Mariña, pero que ten a mesma tipoloxía que Álvaro Cunqueiro, e que non entenden que diferenza hai entre elas.

Respecto ao tema da contratación da electricidade da escola, é un traballo feito, que tamén llelo solicitaron os veciños, pero non hai partida orzamentaria nesta anualidade.

Respecto da baixa do Castro, antes do verán estaba o PP gobernando e non se fixo. Efectivamente faláron con costas para que así se produza pero hai un problema cun dos permisos que se solicitaban por unha turbeira, do Servizo de Conservación da Natureza. Estase traballando neso para intentar solucionar o á maior brevidade e xa o faláron co servizo de costas.

Rogos de PPF. Víctor Couto Barrientos formula os seguintes:

- 1.- Que se tomen as medidas oportunas para garantir a seguridade dos usuarios do parque que está preto de Uxío Novoneyra, xa que está nun estado lamentable e supón un risco grave para os nenos que en período vacacional están alí diariamente.
- 2.- Que se cumpra a normativa de limpeza e roza de fincas polo risco que corren certos veciños deste concello que se están queixando diariamente.
- 3.- Que se tomen as medidas oportunas para proceder á limpeza dos contedores deste concello debido ao risco para a saúde pública que están xerando nalgunhas parroquias.

O alcalde di que respecto ao primeiro rogo toman nota e tratarano para ver que medidas se poden tomar.

Respecto á limpeza e roza de fincas, estase traballando niso e desde a Concellería de Medio ambiente estanse tratando todos os expedientes que van chegando.

E respecto á limpeza de contedores, o mesmo, fíxose un contrato novo de limpeza de contedores para solventar ese problema.

Preguntas do PP. Javier Jorge Castiñeira formula as seguintes:

- 1.- Ante as innumerables aclaracións, incluso se falou hoxe aquí, sobre o tema e vendo que o alcalde está tentando compracer a todo o mundo, especialmente ao Sr. Rivera, que foi un gran defensor das acampadas, faille unha pregunta moi concreta: Pódese comer de prato, con cadeira, mesa e parasol no Prado de Ramos?.

O alcalde di que si, que se pode comer con prato, cadeira, mesa e parasol e que espera que lle aproveite a todos os veciños a comida.

Javier Jorge Castiñeira di que iso é acampar, ao que responde o alcalde que acampar é dispoñer



unha tenda de campaña e durmir na praia.

2.- O PP, co apoio de FPF, aprobou unha nova localización da depuradora en Forxán, que o PSdG-PSOE e o BNG sempre criticaron, porque o PSdG-PSOE sempre quixo ampliar á actual e o BNG quería levala para o polígono. Dixéronlles fontes fidedignas, porque non teñen ese contrato que firmou o equipo de goberno, que hai un acordo que contemplaba seguir co proxecto iniciado polo goberno do PP, polo que pregunta: Contemplan seguir coa depuradora en Forxán?

O alcalde di que entende que o PP é coñecedor dos trámites administrativos, que hai un anteproxecto redactado por Augas de Galicia e que este está en alegacións; unha vez se resolvan esas alegacións abrírase un escenario novo. Se segue para diante ese anteproxecto, haberá que seguir co trámite administrativo ou o que considere o equipo de goberno. Se non segue para diante ese anteproxecto abrírase outra vez outro fracaso da xestión do PP, como pasou co anterior anteproxecto, que se tombou porque non estaban, medio ambientalmente, contempladas moitas medidas.

O que si se esixe sempre no equipo de goberno é rigorosidade técnica, non “fun andando por un prado e decidín que esa finca era a mellor para situala”. Sempre esixen rigorosidade, no anteproxecto, no proxecto de construción e por iso están falando con Augas de Galicia interesándose polo tema e analizándoo concienzudamente.

3.- Hai veciños que avisaron que desde o Concello están dándolles cita para falar co alcalde tal e como facía o anterior alcalde, e a pregunta é: Deu algunha cita para verse cos veciños desde que é alcalde?

O alcalde di que deu citas para verse cos veciños e que se algún veciño quere unha hora determinada e non quere esperar diante da porta, dálle cita. Se o veciño quere esperar, pode vir pola mañá, pola tarde, porque está desde as 9 da mañá ata as 10 da noite no Concello. Se quere vir sen cita non hai ningún problema e ten que esperar, e se quere vir con cita estalla dando polas tardes. Evidentemente, aos veciños que non queren esperar dálles cita e aos que non lles importa esperar, poden vir sen cita.

O Sr. Castiñeira di que iso é o que se lle criticou ao anterior alcalde e que era o que veu facendo sempre, pero congratúlalle que faga o mesmo.

O alcalde di que ten constancia de que había xente á que non recibía nin con cita nin sen cita.

Preguntas de FPF. Víctor Couto Barrientos formula as seguintes:

1.- Cando se vai executar o Plan Único?

2.- Se van seguir as axudas para os anciáns que están na Residencia e que se estaban dando co anterior goberno co apoio de FPF.

3.- Cando vai proceder a Deputación á limpeza das pistas.

O alcalde di que respecto á primeira pregunta estanse redactando os pregos de contratación, que xa están feitos os informes técnicos, para sacalo a licitación pública á maior brevidade posible.

En canto ás axudas, hai unha ordenanza de emerxencia social que se está cumprindo e estanse dando as axudas a aquelas persoas que o solicitan e cumpren os parámetros, e así se vai seguir facendo mentres sexa a xestión municipal, que criticamos abertamente porque consideramos que se reciben menos axudas que coa fórmula da xestión autonómica, pero desde o PSdG-PSOE non se vai deixar tiradas a esas persoas.

Respecto á limpeza das estradas da Deputación, púxose en contacto coa Deputación, hai un retraso inxustificable este ano porque o ano pasado empezaron polo mes de xuño e agora aínda non iniciaron o traballo. O contrato en Foz xúntase no lote co Valadouro, Alfoz, Cervo e Burela e teñen o contrato asinado e entenden que a mediados de agosto empezarán este traballo, e intentarán que empecen por Foz.

Concluído o anterior, ás vinte e unta horas e corenta e cinco minutos, do día un de agosto dous mil dezanove, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor Alcalde levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, dou fe.-





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

A SECRETARIA,
ANTÍA PENA DORADO

O ALCALDE,
FRANCISCO CAJOTO CASERÍO

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

